

no 766



A MORRIÑA


REAL ACADEMIA
GALEGA
A CORUÑA




F 4178

A. PRESA VISO

Biblioteca



J. Leander





† Antón Presa Viso
AUTOR



of V. ...
1874

PRESA VISO


A MORRIÑA

COMEDIA
en dous autos

Es propiedad de Mercedes de Sás y Múrias,
viuda del autor Antón Presa Viso.
Orense, Progreso, 88, 2.º




„LA INDUSTRIAL”
IMPRESA Y ENCUADERNACIÓN
ORENSE



PERSONAXES

Tio Farruco, e Ramona, pais de Antón.
Antón.
Rosiña, (o Maruxa).
Siñor Abade.





AUTO PIRMEIRO

Unha sala de casa d'aldeia. De mobiliario unha cómoda, un crucifixo, catro cadeiras, unha mesa pequena, dous ou tres cadros con estampas da Virxe, do Padre Eterno, a morte do Xusto, etc.

Duas portas no foro; unha lateral dereita e outra a esquerda.

A aución, no mes de setembro n'un lugar de Pontevedra.

E o anoitecer

ESCEA PIRMEIRA

Antón e Ramona.

- Ramona. Mira meu filliño, tes que ter pacencia.
Antón. Non. Eu non podo vivir n'esta aldea non teño con quen falar.
Ramona. ¿E logo nos non somos nada?
Antón. Vustedes, si, mais.....
Ramona. ¿Mais qué?
Antón. Meu pai pasa o día nas veigas, traballando, e vusté antra cociña, os bois y'atender os xornaleiros, eu sempre estou soilo.
Ramona. Sempre, non, pois estou eu sempre que podo a veira tua e quero verte contento e satisfeito.
Antón. ¡Xa teño gana de volver a Santiago!

- Ramona. A gastar o que tanto traballo nos custa gañar. Si hon si, os fillos sodes así. Non pensades mais que nas vosas convenencias sin pensar os apuriños dos pais.
- Antón. Vustedes tiveron a culpa. Meteronme a señorito, y'eu agora non sei facer outra cousa.
- Ramona. ¡Nin siquera agradecer os esforzos que facemos pra que seas señorito!
- Antón. Iso non. Eu agradezco moito, mais vos-té ten que comprender que, un estudante pra adevogado, non debe andar antre esta xente zafia, porca....
- Ramona. Mais pra que tí y'outros anden de señoritos e perciso q'esta xente, zafia e porca como tu lle chamas, traballe día e noite.
- Antón. Si eu non digo que non traballen; soilo quero decirlle q'eu non me vou a xuntar con esta xente pra perder con ila o que levo gañado en Santiago.
- Ramona. Nadie cho manda tampouco. Ergueste a hora que queres, comes, non fas nada, ¡y'enriba todol'os días estás que si aldea e mala, que si a xente e así, que si somos andando...
- Antón. E que eu eiqui non podoo vivir. Non me acostumo. Pra ser home de carreira e perciso correr mundo, y'eu non sain de Pontevedra e de Santiago.
- Ramona. ¡Ai meu fillo, tes moita soberbia! E da gracias a Dios en canto podeche ir a Pontevedra y'a Santiago, que ti non sabes ben canto nos costa.

- Antón. Iso non mo diga, pois eu sempre tiven que facer vida de Santo por falta de diñeiro.
- Ramona. Si o diñeiro se cavara nas veigas; mais ti non sabes canto sua teu pai pra facer-te home de carreira.
- Antón. Pois sabe que mais. Xa o teño pensado. Eu en San Miguel non vou pra Santiago. Marcho pra Madri. E non penso voltar mais a esta Galicia chea de fame, de morriña, e de cheirumes.
- Ramona. O que non ten que faguer, fai com'a ti meu fillo que discurre.....
- Antón. Xa está dito. Teño gana de deixar pra sempre esta terra e non pensar n'ela xamais... ¡Ay o día qu'e logre!
- Ramona. Ven te has de acordar d'ela. Y'has votal'as maus a cabeza moitas veces.
- Antón. Mire, vusté non sabe diso. Sempre metida na foiceira sin sair mas lonxe de Vigo, cando vai os baños, non sabe o que e o mundo.
- Ramona. Sabes ti meu fillo. ¡Canto deprendiche!
- Antón. Dixeronme que Madri e a cibdade mas hospitalaria que hay. Alí hay traballo pra todos. E fan xusticia a quen deben facela.
- Ramona. Por iso d'alí veñen tantas cousas boas, a contrebución, as cédulas, a orde chamándovos pro servicio do Rei.....
- Antón. Cale miña nai. D'algunha banda ten que vir. E como Madri e a capital da nación, pois d'ali saie todo.
- Ramona. Saie todo; craro. Pro saie a xeito d'eles

- pois como non conocen a fame nin o traballo porque viven de folgazans, pensan que todos somos como iles.... ¡E quen mos dera mirar cun legón todo o día, con broa e viño ou compango....!
- Antón. Vusté fala porque pensa que no mundo soilo e labrar terras, sementar, e coller frutos.
- Ramona. Eu non sei nada porque non son estudiada, pro meu fillo si non foran as terras y'os froitos ¿de qué iña vivir tanto lanpantín e tanto preinteante?
- Antón. Pro todo fai falta. A vida e así, uns que mandan; outros obedecen; uns traballan no campo, outros nas oficinas, nas suas carreiras outros....
- Ramona. Y-o fin de contas quen pagamos somos nos..... ¿non e iso?
- Antón. Con vusté non se pode falar, Sempre sae c'o mesmo.
- Ramona. Olla, filliño, vaite deitar ou si'non vay as mozas.
- Antón. ¿As mozas? Vosté non está boa! Sair y'alcontrarme con unha rapariga que feda o esterco, as pernas negras, sin peitear e que non se lavan en toda semana? ¡Vusté non está boa! ¡Tiña presente que vou ser un devogado!
- Ramona. As da vila tal ves se laven menos, mais como levan a roupiña axustada o corpo, e non fan mais que cuidar d'ela, botan fariña a cara e pisan miudo, pra vos, os homes, xa son millores,
- Antón. ¡E saben falar coa xente!

- Ramona. ¡Ai iso sí! Con tal que vexan un home, rin sin darse conta, y'esa risa, vos, parviños d'aldea, non sabendes o que leva detras, a ver si vos poden votar o gancho.
- Antón. Y'e millor ser enganchado por unha muller da vila que por unha probe moza d'estas que non saben mais ca fozar na veiga e facel'o caldo.
- Ramona. Teño mais que facer q'astarte ouvindo. Quero ter a cea pronta pra cando chegue teu pai. (Vaise)

ESCEA II

- Antón. Estou desexando deixar esta terra. ¡Ai cando estea en Madri! En Santiago non se pode estar. Rua do Vilar pra riba; Preguntoiro pra baixo; Rua do Vilar a esquerda; Preguntoiro a dereita. ¡Da noxo! Madri ¡ai Madri! Aquilo din que e o ceo, Xente por aqui; xente por acolá. Raparigas que deixan un coa boca aberta; costureiriñas que manteñen a un... E logo as mulleres do Reina Victoria, do Ideal Rosales, de Parisiana, de Turo-Parke. Din que aquilo e un alabar a Dios. Madri... Madri... Lonxe d'esta terra, d-esta terra escrava onde todo son veigas de millo, piñeiros, carballos... ¡non quero saber mais disto! Voume pra non voltar xamais... Voume... voume...., (Vaise)

Tío Farruco e Ramona

- Farruco. ¡Quen está eiquí!
- Ramona. ¡Xa arrematastes?
- Farruco. Xa... Oxe traballamos ben.
- Ramona. Por certo.
- Farruco. Y-o rapaz, ¿onde vai?
- Ramona. Aínda agora mesmo estaba eiquí.
- Farruco. Meteuselle tanto o señorío no corpo, que nin xiquera vai ver traballar a seu pai.
- Ramona. E que di que non quere falar coa xente d'aldea por que e muy ñorante.
- Farruco. Si, muller, si, que non fale. Por min pode estar calado toda vida.
- Ramona. Ademais me dixo que quere dir pra Madrí e non pra Santiago.
- Farruco. Si, home si pra onde queira.
- Ramona. ¿De maneira qu-edeixas ir pra Madrí?
- Farruco. Eu que sei di'so; por min que yaya aunque sexa pra Corcubión.
- Ramona. Pro si vai pra Madrí vaise facer un perdido...
- Farruco. Ti deixoo andar...qu-a se aparvar.
- Ramona. Mais dixo que marchaba pra no voltar.
- Farruco. D'iso non fagas conta; xa voltará, xa. O pote tira moito.
- Ramona. ¡E si no lo colle unha d'aquelas penexas e mo desinquieta?
- Farruco. Deixo facer o que queira; xa lle virá o xuicio, ten pacencia muller.
- Ramona. Daslle tanto vicio que calquers día vainos dar un disgusto.

- Farruco. Mira; deixa este conto pra outra hora e pon logo a cea que traio unha fame danada.
- Ramona. A cea logo vai estar. Teñoche uns ovos cocidos con allada y-un anaco de freba que sobrou do xantar.
- Farruco. Non está, mal.
- Ramona. E pro rapás teño unha tortela de raxo... y unha tallada de terneira.
- Farruco. Pol-o que vexo comida de señorito.
- Ramona. Non está acostumado a outra cousa.
- Farruco. Pois anda remata logiño.
- Ramona. Vou pol-a mesa, e xa te chamo. (Vaise)
- Farruco. Boeno. Todo está ben. Ai ¡recoiro cuasi se m' abre a boca! E a fame. Desende que xantei soilo tomei pan e viño e xa o desmoin co traballo.

ESCEA IV

Rosiña e Farruco

- Rosiña. Tia Ramona.
- Farruco. ¡Quen chama?
- Rosiña. Son eu.
- Farruco. Adiante Rosiña.
- Rosiña. Boas noites nos de'a Dios
- Farruco. Boas noites..... rosa xeitosa,
- Rosiña. Vusté sempre está de leria.
- Farruco. Leria... dixeches ben e o úneco que me queda. Como's cadelos pequenos que ladran moito e non traban nunca.
- Rosiña. Ja, ja,... Sempre está contento.
- Farruco. ¡Soilo sinto non tener vint'anos.

- Rosiña. ¿Pra qué?
Farruco. Pra que xa cho diría eu.
Rosiña. Pois deame o fillo.
Farruco. Pouco a pouco. O meu fillo vai e ser un
 siñor devogado e cuspe alto.
Rosiña. Nin siquera fala coa xente.
Farruco. ¡E que homes de valer danse a respei-
 tar ou ti que coidas!
Rosiña. A verdade e que él non e pra compa-
 rar con nos.
Farruco. Non, por que se lle arubiron a cachola
 certos fumes.
Rosiña. Boeno. E tia Ramona está?
Farruco. ¿Pra que-o queres saber?
Rosiña. ¡Mira que curioso! ¡Quero falar con ela!
Farruco. Pois non sei que demo está facendo n'a
 cociña que ai un bo pouco que anda en-
 tre talladas e hovos e non me chama
 pra cear.
Rosiña. Pois os hovos logo se fan.
Farruco. Logo, muller, logo; pero e que anda
 con eles con moito xeito....., Ramona,
 Ramona.

ESCEA V

Ditos e Ramona

- Ramona. ¿Qué queres?
Farruco. Rosiña que non sei que che quere.
Ramona. ¡Hola boa moza!
Rosiña. Boas noites.
Ramona. ¿E que tras?
Rosiña. Pouca cousa. Deronme na vila esto
 pra vusté e como tiven que votar o
 gando nonllo poden traer denantes.

- Ramona. Ai muller, moitas gracias, Dios che de saudíña. Son unhas camisas que lle mandei facer pra Antón e xa hoxe me preguntou por elas.
- Rosiña. Pois agora xa pode estrealas cando queira.
- Farruco. Pra que ya vexan'os bois y-o gato, que e úneca xente que o ve.
- Ramona. Fora a y-alma, home.
- Farruco. ¡Quen ye dera a moita xente tel-a y-alma dos meus bois.
- Rosiña. Yso.
- Ramona. Boeno. Si queres cear con nos, podes, pois xa teño na mesa a cea.
- Rosiña. ¡Que aporveite! Eu tamen vou facelo mesmo.
- Farruco. Pro Antón aínda non veu.
- Ramona. Non debe estar lonxe. E ti vas escomezando.
- Farruco. Pois ala, que xa non vexo ven co'a fame... Adios Rosiña. (Vaise)
- Rosiña. Adios todos.
- Ramona. Hastra mañan si Dios quere. (Vaise)
- Rosiña. Si Dios quere.

ESCEA VI

Rosiña y Anton

- Antón. Boas noites.
- Rosiña. Boas noites señorito Antón. Xa están agardando por vosté pra cear.
- Antón. Non teño presa. Aínda e cedo.
- Rosiña. Moi cedo xa non é que logo ha tocar as oito. E vai estar escura a noite.

- Antón. Vai.
- Rosiña. Boeno, quede con Dios,
- Antón. ¿Tanta presa téis?
- Rosiña. Vusté pensa que non teño mais que facer que estar de palique.
- Antón. Xa sei muller que terás que facer, pro vaste asi... tan lixeira...
- Rosiña. Lixeira, non; pois xa hai un bo pouco que estou eiqui.
- Antón. Y-a gora estás outro pouco e logo vaste.
- Rosiña. Viñallé ben, e seu pai agardando pra cear.
- Antón. Non te importes. Xa ceará sin min. Céntame que pasa pol-a aldea.
- Rosiña. Bo caso lle fai vusté a aldea. ¿Pro que lle importa a xente?
- Antón. Enton non me vai a importar.
- Rosiña. Vusté pensa n'outra de mais señorío qu-acompare con vusté.
- Antón. Iso non é certo. Eu soilo penso en estudar y-arrematar logo a carreira.
- Rosiña. E por eso non se lle ve nunca, sempre metido na casa... ¡Vai sair moi estudiado!
- Antón. Alá veremos. Xa pouco falta.
- Rosiña. ¿E cando marcha pra Santiago?
- Antón. Agora non vou pra Santiago, vou pra Madrí.
- Rosiña. ¡Ai o que vai facer, señorito Antón! En Madrí dixome Pepe do Chischás qu-estivo alí a servir o Rey, qu'hai muita xente mala.
- Antón. ¡E boa tamen!

- Rosiña. E que hay unhas lobas qu-andan a por dos homes.
- Antón. Ja ja. Pepe inganoute.
- Rosiña. Non inganou, non. Din qu-andan coa saya corta, o peito o aire, cheas de fariña... ¡eu que sei cantas cousas!
- Antón. ¿Ya tí contouche iso Pepe?
- Rosiña. Contou.
- Antón. ¿E porque cho contou?
- Rosiña. Pro que a vusté non lle interesa.
- Antón. Si non me interesara non cho preguntaba.
- Rosiña. Vusté interesanno as da sua ijual.
- Antón. ¡E tí tamén... (apalpa)
- Rosiña. ¡Quite d'ahí que si non doulle cun puño nun ollo!
- Antón. Non ha ser tanto.
- Rosiña. Fale o que queira, mais teña as maus quietas.
- Antón. Fágoch-un cariño y-arenegaste.
- Rosiña. Eses cariños vayallos facer as señoritas qu-andan con vusté.
- Antón. ¡Eres brava!
- Rosiña. Son como Dios me deu.
- Antón. Non me poñas esa cara muller.
- Rosiña. ¡Vayase bulrar de quen-o viu nacer! (Vaise)
- Antón. Rosiña.... Rosiña.

ESCEA VII

Antón e Ramona

- Ramona. ¿Por quen chamas?
- Antón. Por nada.

- Ramona. ¿Entón porque berrabas?
Antón. E que preguntaba si ceaban xa.
Ramona. ¿Quen pechou o portal?
Antón. Rosiña que saiu agora.
Ramona. Ah, vamos, ¿chamabas por éla?
Antón. ¿Por quen, por Rosiña? Valente besta.
Ramona. ¿Que che fixo?
Antón. Nada. Parvadas. ¿Que sinon parvadas poden face-las nosas aldeanas?
Ramona. ¿Pro entón que che fixo?
Antón. Pois que estivemos parolando un pouco e porque lle fun quitar un lixo que tiña no dengue arrenegouse toda.
Ramona. ¿E por iso arrenegouse? Non cho creo... o lixo debía ser outra cousa.
Antón. Fore o que fore non debera arrenegarse e eso proba o que ye teño dito a vusté y-é que son muy zafias e muy ñorantes... ¡Non saben mais!
Ramona. Saben o que lles fai falla e ven-o acabas de ver. Quixechete propadar e deuche pra trás.
Antón. ¡Valente salvaxe!
Ramona. Si, meu fillo si. Ven cear que teu pai xa está cuase arrematando. (Vaise).
Antón. Agora vou.


ESCEA VIII

- Antón. ¿Ainda queren que fale con esta xente?
¡Caste de brutos! Nada... pra Madrí... pra Madrí. E non volver mais eiqui. Esquecerme d'isto pra sempre. Vergonza me ha de dar decir que son galego. Non. Non direi que son galego... Direi que

son galego... Direi que son..... que son
portugués, por exemplo... Madrí ¡cando
te vexa volvome louco de contento!
¡Canto todo xa! ¡Teño uns desexos de
darlle o último adios a Galicia, a esta
terra onde eu nacín pra miña disgracia.
(O paso lento) Sintome poeta e canto
de contento;

Parto pra terra lonxana
Pra Madrí, miña delicia.
Adios, xentiña aldeana...
Adios... noxenta Galicia.

FIN DO PRIMEIRO AUTO





AUTO SEGUNDO

A escea ha de representar un patín ou unha solaina. Duas portas no foro que dan a casa.

A dereita un palleiro con legós, eixadas, arados, etc., e a esquerda, portal d'entrada que da a vrea. Pasaron dous anos d'ende o primeiro auto. E pol'a tardiña baixa.

A acción na mesma aldea do primeiro auto. No mes de San Xoan.

ESCEA PIRMEIRA

Carmela e o señor Abade.

- Carmela. ¿Quen chama?
Sr. Abade. Son eu, muller, son eu.
Carmela, ¿Que milagre por estos eidos!
Sr. Abade. O pastor ha velar por las suas ovellas.
Carmela. ¿Y enton como lle vai?
Sr. Abade. A min vaime ben muller, y a vos ¿qué tal?
Carmela. Imos deixando o leito.
Sr. Abade. Alegrome moito.
Carmela. E que, ¿toma unha fecha? ou uns bollos?
Sr. Abade. Non. Non quero nada.
Carmela. Pois o paseo fai sede.

- Sr. Abade. Pro estou a dieta, muller. Agora soilo bebo tres netos a cada comida.
- Carmela. ¿Enton estivo malo?
- Sr. Abade. Como malo, non. É acá un certo reximen qu-eu me traio.
- Carmela. Pois entón como vusté queira.
- Sr. Abade. ¿Yo rapaz onde vai?
- Carmela. Ha de estar chegando.
- Sr. Abade. Dixeronme que veu fai tres días e dixen; vou a palicar un pouco con Antón qu-a vir feito un sabio.
- Carmela. ¡Ai iso ben! ¡E como cambeou! Denantes non quería saber d'aldea pra nada, decía qu-as mozas eran así y-eran andando... agora anda sempre pol-as veigas y-antre as raparigas...
- Sr. Abade. ¡Ese e bó traballo!
- Carmela. Y-eu ven contenta qu-estou con iso. ¡Soilo pensar que se me quedase pra sempre por Madrí, danme desexos de chorar.
- Sr. Abade. No. As mulleres logo chorades. ¡Si desedes cartos como dades bagóas!

ESCEA II

Ditos y Antón.

- Carmela. Xa velo ehí ven.
- Sr. Abade. Antoniño lestás feito un home!
- Carmela. ¡Yu-n señor devogado!
- Sr. Abade. ¿Devogado xa? Parés que aínda te estou vendo axudarm-a misa.
- Carmela. ¡Pois xa ten vintedous anos!
- Sr. Abade. ¡O tempo non se detén connadia! Foxe, foxe sin qu-o poidamos atrapar.

- Carmela. Boeno, señor abade; deica unha horiña ceará con nós?
- Sr. Abade. Non, filla, non. ¡Teñ-a sobriña soila!
- Carmela. Pois hastra logo, que... (Mutis).
- Sr. Abade. Vai facel-o que tes que facer, qu-eu quédome un pouco con este perillán.

ESCEA III

Sr. Abade y-Antón

- Sr. Abade. ¿E que tal, que tal-o pasache por Madrí?
- Antón. ¡Phs! Nin ben nin mal.
- Sr. Abade. ¡Hon! ¿Ti que decías que non había nada no mundo como Madrí?
- Antón. ¡Decía!
- Sr. Abade. ¿Y-hoxe non-o díis?
- Antón. Hoxe troquei de maneira de pensar.
- Sr. Abade. ¿E como foi iso, hom!
- Antón. ¡Tal vez castigo do ceo! Non sei.
- Sr. Abade. ¿Do ceo por que?
- Antón. Porque falei mal desta terra onde eu nacín e Deus tal vez me traza o camiño bó... Fillo hachado... Filis...
- Sr. Abade. ¿Tamen sabes latin?
- Antón. Soilo o que deprendín no Instituto e no Dereito Román.
- Sr. Abade. ¿E Dereito sabes moito?
- Antón. Dereito, pouco; mais sei moito torto.
- Sr. Abade. Coma ti hay moitos... ¿E cando volves pra Madrí?
- Antón. ¡Xa nunca mais!
- Sr. Abade. ¿A tí algo che pasou a lá? ¿Deixach-algún arranxo feito?

Antón. Nun señor. E que non penso sair mais de Galicia... Estou cheo de Castela.

Sr. Abade. ¿Tan mal che foi n'ela?

Antón. Escoite, señor abade. Vusté ben sabe qu-eu tiña moitos desexos de ver mundo.

Sr. Abade. ¡Tamen-o teño eu!

Antón. Y-antouxouseme Galicia unha terra probe e famenta. Tivo algunha culpa un compañeiro meu de Santiago que soilo falaba de Madrí pra pol-o nas nubes, y-en ton soilo pensei en Madrí y-en deixar pra sempre a rexion onde nacín.

Sr. Abade. Pecateor majore. (Pecado mayor)

Antón. Y-astra sintindome poeta repitin uns versos o chegar a Ponferrada.

“Voume pra terra lonxana.

Pra Madrí, miña ledicia.

Adios xentiña aldeana.

Adios noxenta Galicia.

Sr. Abade. ¿E ti dixeches tal cousa?

Antón. Dixen. Yo tren bufaba na noite asubiando antr-as sombras. Unha brétema lixeira non deixaba ver a lua nin as estreliñas. Y-o tren corria mais, e xa chegara a Madrí. A xente falaba da chan longa de Castela qu-eu non vin na oscuridade. De mañanciña cedo cheguei a Madrí. E respirei. E mirei cara a Galicia pra decirlle ¡non pensei en ti xamais!

Sr. Abade. E Galicia non che fixo caso.

Antón. Funme pra pousada. Unha nai y-unha

filla eran as donas. A filla era unha moza xeitosa.

Sr. Abade. ¿Ya nai que tal?

Antón. De saude ben.

Sr. Abade. Sinon fora por qué, dabach-un couce.

Antón. E na pousada paraba un andalús de Sevilla; un castelán de Chinchilla.

Sr. Abade. ¿Donde dixechе?

Antón. De Chin...chi...lla...

Sr. Abade. ¡Parés un redoble de platillos!

Antón. Y-on extremeño de D. Benito.

Sr. Abade. ¿De D. Benito, o Ciruxano?

Antón. Non. D'unha cibdade da provincia de Badaxoz.

Sr. Abade. En xeografía de España non estou alá moi ben; pro na xeneral, sei onde cai París, onde fervexa Roma, onde está Corcubión.

Antón. ¿Y-en onde está Corcubión?

Sr. Abade. (Facendo chiste) ¡Na provincea d'octubre!

Antón. O castelán era periodista; pro non sabía escribir; o extremeño vendía queixos y-e facía propaganda de cochos da sua terra; y-o andalús era estudante coma min, aunque él xamais abriu un libro, e solo se entretaña en facer chistes.

Sr. Abade. ¿Y-eran de lei?

Antón. Voulle contar un. Mandoume miña nai duas lampreas no tempo. Mandeill'a pousadeira que fixese unha empanada d'elas, e mentras tanto a filla estofou a carne do xantar. De remate o andalús

- fixo o chiste dicindo: gustei mais da carne da filla que da lamprea da nai.
- Sr. Abade. Ja ja. ¡Non era parvo o rapás!
- Antón. Outro día quixo facer unha gracia a custa da muller gallega; y-enton eu que hastra'li tivera vergonza de chamarme galego, erquime e defendín con toda a miña yalma a santa que nos lares e nas veigas da miña terra, vai texendo a vida felix y-egloxica de Galicia. E pensei con agarín en miña nai e mandeille un recordo cun beixo que nas ondas da noite perdeuse camiño d-este curruncho...
- Sr. Abade. ¡Deberaslle romper a crisma!
- Antón. O sair fora de Madri contemprei o chan sin arbres, sin verdura de cõr barrento, e nos ollos sintin a expresión das nosas veigas, dos das carballeiras, das corredeiras polidas, da campía sunrinte. Y-enton pidin perdón o ceo pol-as inxurias y-as pestes qu-os meus labios dixerón da terra ultraxada. E Galicia naceu pra min e vina maxestuosa e relucente cal rosa branca n-unha mañan de primaveira.
- Sr. Abade. ¡Si Galicia non hai mais ca unha hon!
- Antón. Y-unha noite levaronme a unhas casas que chaman Parisiana e Ideal Rosales y alí ademirei mulleres co peito o ar, as pernas descubertas hastra rodela; enfariñadas, borrachas que se achegaban a min pra pedir tabaco ou de beber. Y-antro xojo y-o vicio, n'aquel

ambiente mosteiro, arrecordeime das nosas mocíñas boas, humildes, carrapucheiriñas...

- Sr. Abade. ¡Tamén ch-as hay ben lagartas!
- Antón. E desde enton soilo pensei en Galicia. E pra mín, nin o Retiro, nin a Castelan, nin a rua d'Alcalá, nin a porta do Sol valeron mais ca Ferradura, o Preguntoiro, a rua do Vilar. E soñando sempre con Galicia, co a miña terra adoumada, no peito levanteille un altar y-enriba d'el ergueuse groriosa a imaxe da Saudade. E foi cando sintin un desexo fondo de voltar o meu lar, de tornar a estos campos como no mundo non hai outros, foi cando sintin a morriña.
- Sr. Abade. ¡Cuase me fas chorar!
- Antón. E soilo tiven desd-enton a fonda ansea de volver a terra.
- Sr. Abade. Agora está espricado porque non queres voltar a Madrí.
- Antón. Non. O peixe fora d'auga non vive. Yos paxariños n'auga afogan.
- Sr. Abade. E verdade. meu fillo. Cada un busca o seu.
- Antón. De maneira señor Abade, qu-estou disposto a non sair mais d'eiqui e vivir antre esta xente tan boa, tan faladeira...
- Sr. Abade. Si, home, si. Aquí o fin y-ocabo todos che somos uns.
- Antón. Y-agora estou satisfeito e sintome renacer a unha nova vida.
- Sr. Abade. Pois non-a desaporveites; non-a deixes fuxir e mira sempre o luceiro, caron a

Deus e fai d'esa vida niño amorosiño de felicidade e de ventura.

Antón. Iso penso.

Sr. Abade. Pois Deus t'ampare e te guíe. Y-ahora meu fillo, voume que vai sendo tarde e aínda teño que facer as oracios do día.

Antón. Aínda e cedo. Mais pirmeiro son as obrigas...

Sr. Abade. Queda con Deus e solo che dexeso por teu ben, que ganel-o pirmeiro preito.

Antón. Moitas gracias señor abade,

Sr. Abade. ¡Que che vaya ben!

Antón. ¡Y-a vustedede o mesmo!

ESCEA IV

Antón. ¡Que felis son! ¡Ay! xa estou en Galicia e non-o creo... Miña casaña meu lar, dí-a vella do conto... ¡Pensar que non souben comprender denantes tanta grandeza, tanta bonitura!... Os galegos debíamos todos sair de aquí por algún tempo pra despertar no peito o sentimento da patrea. Galicia, soilo unha... Galicia foi onde a divinidad se recreou xuntando. n'ela todas as perfeccións. E no concepto do mundo Galicia vai na dianteira pregoando sua beleza e sua tenrura.

ESCEA V

Antón e Maruxa

Maruxa. (Desde dentro). ¡Tía Carmela!

- Antón. ¡Adiante quen sea! ¡Hola Maruxa!
Maruxa. Entón señorito Antón ¿xa volveu de Madrí?
Antón. Xa, muller, xa.
Maruxa. Eu coidei que xa non viña mais.
Antón. Non vos podía esquecer.
Maruxa. ¡Ben lle importábase nos!
Antón. Si no me importábase non viña.
Maruxa. Viría por sua comenencia.
Antón. Sea por miña comenencia sea pol-a voza, o caso e que estou aquí.
Maruxa. Y-eu ven m-alegro que vusté veña vel-o país y-aldea que tan mal lle quere.
Antón. Estas inganada. Eu non lle quero mal a aldea.
Maruxa. No..... pois denantes ben mal falaba d'ela e mais da xente e nin xiquera saía porque o tiña a menos.
Antón. Pro iso pasou... Agora...
Maruxa. E diga señorito Antón, ¿E certo o que me contou Pepe dos Chischás?
Antón. Xa non recordo que che contou Pepe.
Maruxa. Qu-andan as mulleres pol-as ruas cuase hispidas. enfariñadas e que ollan pros homes coma lobas.
Antón. E certo.
Maruxa. ¿Enton aquilo debe ser o inferno?
Antón. Pouco menos.
Maruxa. Fixo ben virse. señorito..., porque sinón...
Antón. ¿Sinón que?
Maruxa. Podían coller... e despois...
Antón. Ben me coidei eu de que me non co-

- llean... Maruxa, eu teño un segredo que contarche.
- Maruxa. Pois conte.
- Antón. Si un home te pretendese ¿fariáslle caso?
- Maruxa. ¿Así de repente?
- Antón. Si, un home de teu xeito,
- Maruxa. Si me gustaba, por que non.
- Antón. ¿Y-a ti cales che gustan mais? ¿Altos ou baixos? ¿Ricos ou pobres?
- Maruxa. Vusté ten ganas de leria.
- Antón. Non. Falo en serio.
- Maruxa. A según. Si fore do meu agrado, o mesmo me daba que fose alto ou baixo, rico ou probe.
- Antón. ¿E si che dixese que hai un mozo rico e señorito que te quere?
- Maruxa. ¡Pois botabam-a rir!
- Antón. ¿E si cho digo de verdade?
- Maruxa. Os señoritos pras señoritas. Y-os aldeans pras aldeans.
- Antón. Iso non. Hay aldeans que merescen ser señoritos y-hay señoritos que deberan estar cabando nas veigas. Ti eres unha aldean dina d'un señorito.
- Maruxa. Bulrese ben.
- Antón. Non me bulro. E pra que vexas que non me bulro, ese señorito son eu.
- Maruxa. ¿Ja ja. ¿Quérese rir a miña conta?
- Antón. Non te vayas. Non me rio. Ese era o segredo que tiña que contarche. ¿Non recordas fai dous anos cando saíche d'esta casa arrenegada conmigo?
- Maruxa. Arrenagada, non... mais...

- Antón. Cala xa sei o que vas a decir. Pois ben, marchei pra Madri y-ali tiven sempre pra tí un recordo... ¡Moito pensei en til!
- Maruxa. Xa se conoce.
- Antón. Y-a primeira vez que te vexo, quérocho decir pra co'sepas.
- Maruxa. Vusté e digno d'outra cousa.
- Antón. E son dino da muller que quero.
- Maruxa. ¿E si me-nganas?
- Antón. Non te ingano Maruxiña... O querer nunca infama... Xa verás, xa verás...

ESCEA VI

Ditos e Farruco

(Moi xuntiños collidos da mau)

- Farruco. ¡Non decia eu c'o pote tira moito!
- Maruxa. ¡Ai que vergonza! (Vaise)
- Farruco. ¡Estás bó peixe! non eres parvo.
- Antón. ¡Estáballa contando un conto!
- Farruco. Un conto que acaba na igreia... Boeno, voulle mandar a tua nai que che faga unha tortilla de raxo.
- Antón. Aínda e cedo pra cear.
- Farruco. Tomo con pacencia qu-hai tempo, pra todo... E vamos a ver ¿queres ir outra vez pra Madri ou non?
- Antón. ¡Non!
- Farruco. De maneira qu-agora cambéache de parecer ¿eh?

ESCEA VII

Ditos e Carmela

- Farruco. Carmela. ¡Carmela!

- Carmela. ¿Qué queres?
Farruco. Eiqui tes o teu fillo que volta pra Madridi mañán.
Antón. Eu non saio de aquí xamais.
Carmela. Y-eu ben contenta con iso.
Farruco. ¿Non che decía eu qu-os grelos y-o purco de eido tiran moito?
Carmela. ¿Y-e verdade. Y-él tamen no entende así.
Antón. Tamén. ¡Cantas veces pensei no caldo de grelos!
Farruco. E que, meu fillo, coma Galicia hai poucas terras.
Antón. ¡Non hai ninguna!
Farruco. Pois en vista d'isto, Carmela, vamos meterll'o dente a ese lacón con grelo y-o caldo de berza. (Vaise)
Carmela. Imos alá, que sinon arrefece. (Vaise)


ESCEA VIII


Antón


Galicia terra adourada
Amor que levo no peito
Teñ-o corazón desfeito
Chorandote ben amada

Quero dormir no teu leito
Brando sono derradeiro
Un sono en fonda delicada
Y-o meu amor verdadeiro
Xemía nas ondas tenreiro
Dicindo ¡Viva Galicia!

FIN







150

PRECIO ~~DOS~~ PESETAS